

D. José Antonio Souto Paz (Alcalde dende o ano 1979 ata o ano 1981: nado en Pontevedra, o 9 de outubro de 1938. Primeiro Alcalde da cidade, do partido de Unión de Centro Democrático, Alcalde dende o 20 de abril de 1979 e ata o día 3 de setembro de 1981 en que presenta a súa dimisión. Foi deputado no Congreso, Doutor en Dereito e Catedrático de Dereito Canónico da Universidade de Santiago, entre outros desempeñou os seguintes cargos: director do Centro Rexional da UNED en Galicia, decano da Facultade de Dereito de Santiago, deputado nas Cortes polo CDS, deputado da Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Madrid e Asesor do Valedor do Pobo.

D. Marcial Castro Guerra (Alcalde dende o ano 1981 ata o ano 1983): nado en Santiago de Compostela, o 9 de febreiro de 1934. Tomou posesión o día 7 de setembro de 1981, trala renuncia do seu compañeiro de partido, Unión de Centro Democrático, José Antonio Souto Paz. Entre outros cargos foi Concelleiro no Concello de Santiago de Compostela e Secretario Xeral Técnico da Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños da Xunta de Galicia.

D. Ernesto Viéitez Cortizo (Alcalde dende o ano 1986 ata o ano 1987): nado en Pontevedra, o 20 de agosto de 1921. O 5 de maio de 1986, tras unha moción de censura, se constitúe o novo Goberno Municipal e se nomea Alcalde por Alianza Popular, cargo que exerceu ata o ano 1987, ano de eleccións municipais. Presidente da Real Academia Galega das Ciencias, Doutor en Farmacia, catedrático de Universidade e Profesor de Investigación. Desempeñou entre outros os cargos de decano da Facultade de Ciencias e Biolóxicas, director do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia presidente da Federación Europea de Sociedades de Fisioloxía Vexetal, presidente da Federación Galega do Deporte Universitario, presidente da Sociedade Española de Fisioloxía Vexetal e membro da Comisión Internacional Castaño (FAO).

D. Xerardo Estévez Fernández (Alcalde dende o ano 1983 ata o ano 1986 e dende o ano 1987 ata o ano 1998): nado en Santiago de Compostela no ano 1948. Resulta elixido Alcalde polo PSdeG-PSOE, no ano 1983, deposto por unha moción de censura no ano 1986 e reelixido con maioría absoluta no ano 1987, sendo Alcalde ata o 19 de decembro de 1998. Cursos Arquitectura e Socioloxía en Barcelona. Exerceu a profesión de arquitecto en Galicia, entre os seus numerosos proxectos podemos mencionar o pavillón polideportivo e a Facultade de Física da Universidade de Santiago; e, entre os seus traballos de investigación citamos o da Colexiata de Sar e a ordenación do tráfico rodado e peonil no centro histórico da cidade. Autor de numerosos traballos, artigos e colaboracións publicadas, así como poñente en Congresos e ten pronunciado múltiples conferencias en España e no estranxeiro, tanto no seu ámbito profesional como en relación co Camiño de Santiago. Foi deputado no Parlamento Galego, concelleiro da cidade e deputado do Congreso pola provincia de A Coruña entre outros cargos desempeñados.